



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E CREACIÓN DE BOLSA DE RESERVA PARA OS ANOS 2021 – 2022

Acta definitiva e proposta de contratación

Categoría: Auxiliar de axuda no fogar

(Nº Postos de traballo que se convocan: 14)

Visto que concluíu o prazo de dous (2) días hábiles (art. 10 das Bases) para presentar posibles alegacións contra a baremación de méritos e a valoración da proba de coñecementos, no proceso selectivo para a provisión de **catorce (14) prazas de Auxiliar de axuda no fogar (persoal laboral temporal), polo sistema de concurso – oposición.**

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 12:00 horas do día 06 de maio de 2021, reúnese o Tribunal cualificador que xulga dito proceso selectivo, estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan a continuación:

Tribunal titular:

Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a : Concepción Bolaño Nóvoa, técnico de xestión do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Sonia María Nespereira Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

María José Laso Dopazo, administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Primeiro.- Constituído o Tribunal no lugar e data anteriormente expresados, procédese á revisión das alegacións presentadas por Adrián Fraguas Fernández (██████████5100██████████), o Tribunal Cualificador por unanimidade ACORDA:

- DESESTIMAR a alegación e/ou reclamación presentada polo dito aspirante, en relación coa revisión da súa valoración de méritos no apartado de experiencia profesional fóra do ámbito da administración pública, de acordo coas seguintes consideracións:

1. As Bases da convocatoria vinculan do mesmo xeito aos aspirantes do proceso selectivo e ao Tribunal de selección (artigo 19 das Bases), e segundo reiterada xurisprudencia, son a lei que regulan os procesos de selección, de aí a necesidade de transparencia e publicidade das bases pois unha vez coñecidas, se non son impugnadas constitúen a norma reguladora do proceso selectivo e o aspirante non poderá cuestionar o resultado da aplicación das devanditas Bases polo Tribunal que, en todo caso, garante un trato igual a todos os aspirantes.

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

2. Os Tribunais de selección son nomeados en cada orde de convocatoria e conforme a mesma corresponderalles o desenvolvemento e a cualificación das probas selectivas. De tal forma que, no exercicio da súa discrecionalidade técnica, o resultado da súa valoración de méritos e cualificación das probas selectivas non teñen necesariamente que coincidir, nin cos procesos selectivos anteriores, nin vinculan desde logo aos posteriores que se poidan producir.

3. O acceso e tratamento de datos persoais dos/as aspirantes do proceso selectivo, ten que estar estritamente limitado aos que se requiren para a tramitación do procedemento, e sempre baixo o regulado na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello do Pereiro de Aguiar é usuario do "Servizo de cesión de datos para as Administracións Públicas" coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, entre os que se encontra o servizo con código "A006 – Informe de vida laboral últimos 6 meses".

Polo que, é imposible acceder ao Informe de vida laboral dun/ha aspirante por período superior ao indicado.

4. O artigo 5º.II.C e 8º das Bases que rexen o presente proceso selectivo, literalmente din: "C. Experiencia profesional fóra do ámbito da administración pública: deberá xustificarse mediante o contrato de traballo, nóminas ou certificado de empresa, onde conste o período e grupo de cotización; acompañado do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada).

As copias acreditativas dos méritos presentados deberán ser cotexadas, sen prexuízo de que, en calquera momento, se poderán requirir os documentos orixinais destas. Calquera diferenza entre o documento orixinal e a súa fotocopia, suporá a non validez do mérito alegado e a exclusión definitiva do proceso selectivo, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar. Así mesmo, os orixinais poderán requirirse aos/as interesados/as seleccionados/as en calquera momento do proceso selectivo e, en todo caso, ao ser chamados para formalizar o correspondente contrato.

Caso de non achegar os devanditos orixinais/fotocopias compulsadas ou non coincidir estes coas fotocopias correspondentes, quedará automaticamente excluído."

"A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.

2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.”

Segundo.- Conforme ao anterior, o Tribunal cualificador, por unanimidade, acorda publicar a puntuación definitiva do proceso selectivo (suma das cualificacións da fase de oposición e de concurso) e elevar ao órgano competente a PROPOSTA DE CONTRATACIÓN das persoas seleccionadas por orde de puntuación:

	APELLIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECEMENTOS		PROBA DE GALEGO	TOTAL PUNTOS
						EXAME TIPO TEST	SUPOSTO PRÁCTICO		
1	Domínguez Marquina, Ana Isabel	2819	5,00	2,00	1,00	3,60	5,00	EXENTO	16,60
2	Cid Gómez, Begoña	2368	5,00	2,00	0,50	3,60	5,40	EXENTO	16,50
3	Rodríguez Gil, Miriam	8293	5,00	1,80	0,50	3,60	5,40	EXENTO	16,30
4	Dacosta Rodríguez, Jessica	9512	5,00	2,00	0,50	3,00	5,40	EXENTO	15,90
5	Babarro Alonso, María Eugenia	5506	5,00	1,80	1,00	3,00	4,80	EXENTO	15,60
6	Pereira Rodríguez, Mónica	6032	5,00	1,10	1,00	3,00	5,40	EXENTO	15,50
7	Cid Gómez, María José	2369	5,00	2,00	0,00	3,60	4,80	EXENTO	15,40
8	García Barreiros, Milagros	6042	5,00	2,00	0,00	3,60	4,80	Apto	15,40
9	Canal Fraga, Isabel	6161	5,00	2,00	0,50	3,60	4,20	EXENTO	15,30
10	Rodríguez Requejo, Luisa	8650	5,00	2,00	0,50	3,00	4,80	EXENTO	15,30
11	Gómez Fidalgo, María Celia	5041	2,69	2,00	1,00	4,80	4,80	EXENTO	15,29
12	González Nanín, Ana María	0509	5,00	1,80	0,50	4,20	3,00	EXENTO	14,50
13	Rodríguez Seoane, Beatriz	9683	4,20	0,90	1,00	3,00	4,40	EXENTO	13,50
14	Gil Sampedro, Laura	6291	5,00	1,20	0,00	3,00	4,20	Apto	13,40
15	Fraguas Fernández, Adrián	5100	2,69	1,60	1,00	3,00	4,80	EXENTO	13,09
16	Calvo Vidal, Nuria	9408	1,55	2,00	0,50	4,20	4,20	EXENTO	12,45

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

17	Cid Urbano, Ana María	6468	5,00	0,10	1,00	3,00	3,00	EXENTO	12,10
18	Pérez Martínez, Lorena	8882	2,40	0,40	1,00	3,60	3,60	EXENTO	11,00
19	Batista Rodríguez, Narjara	4650	0,50	0,00	0,50	4,20	5,00	EXENTO	10,20
20	Sánchez Vázquez, María José	8158	2,60	1,00	0,50	3,00	3,00	EXENTO	10,10
21	Castro Forján, María Silvia	9817	0,00	1,20	1,00	3,60	4,20	EXENTO	10,00
22	Noguerol Fernández, Rubén	7718	0,60	0,70	0,50	3,60	4,20	EXENTO	9,60
23	Pérez Rodríguez, María del Pilar	5938	0,00	1,50	1,00	3,00	3,60	EXENTO	9,10
24	Vázquez García, Carmen	5521	0,09	1,70	0,50	3,60	3,00	EXENTO	8,89
25	Mira Rodríguez, Rosana	9607	0,20	0,00	0,50	3,60	4,20	EXENTO	8,50
26	Mariñez Rodríguez, Margarita	5707	0,78	0,00	0,00	3,00	3,60	Apto	7,38
27	Ramos Rebollo, Juana	7382	0,60	0,60	0,00	3,00	3,00	Apto	7,20

Terceiro.- O Tribunal cualificador acorda que se faga público mediante anuncio na páxina web e no Taboleiro de anuncios do Concello do Pereiro de Aguiar, o resultado da valoración total do proceso selectivo, tendo en conta as alegacións formuladas, e proposta de contratación das persoas seleccionadas.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 12:45 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,



Os/ as vogais,

A secretaria,

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395